

1- Quando e como foi formado o projecto Sinsal?

SINSAL nace da necesidade de espresarse dun colectivo que leva moito tempo traballando co son e ca música (Colectivo SINSALaudio), este colectivo aglutina un Programa de Radio ("A Etiqueta", emitindo dende o ano 98), un Club (Vademecwm, dende o ano 95), unha productora, unha loja de discos, en colaboración coa Materia Prima de Porto e un taller de audio, que é a célula principal do colectivo e cando mostra o seu traballo chámase SINSAL. Por estes motivos, SINSAL é un colectivo aberto e hoxe poden ser 3 compoñentes, pero mañán poden ser 8 ou so 1. Oficialmente nace no ano 2000, como célula itinerante.

2- Ao presenciar un espectáculo dos Sinsal, fica a sensación de que o aspecto visual [n.r: vídeo] se reveste de uma importância equivalente ao sonoro. De resto, no teu caso particular, estableceste colaborações anteriores nos campos das artes plásticas e audiovisuais. Qual é a importância da interdisciplinariedade entre música e outros campos de intervención artística no vosso traballo?

Neste momentos, e practicamente desde os comezos de SINSAL, o peso da imaxe nos nosos concertos ten unha importancia moi relevante, en realidade tratase dunha batalla entre colectivos e artistas para tratar de fusionar emocións. Consideramos ca emoción está no ambiente, non é necesario creala ou emulala, tampouco transmitila, forma parte da condición humana e non é necesario nin siquiera falar dela. A fusión da imaxe e o free-audio (o que facemos en directo) e o resultado dun traballo que persigue un mesmo fin, desde diferentes puntos de vista, neste momento o punto de vista do Colectivo FLEXO e o noso.

Sempre traballamos con artistas visuais e prácticos, na historia de SINSAL contamos coas colaboracións de Montse Rego, Carme Nogueira+Antonio Doñate, Xoán Anleo, IMPUT SELECT e agora con FLEXO. Por outro lado, somos conscientes de que cada espectador xenera as súas imaxes particulares evocadas pola súa historia particular, por eso en ocasións fixemos concertos coas luces totalmente apagadas, en enteira oscuridade e intimidade, co fin de liberar a imaxinación individual.

3- A produción musical ao vivo dos Sinsal é baseada na improvisación. É esta una fórmula apenas reservada às presentacións públicas, ou un método de traballo mais alargado?

A improvisación e o noso método de traballo, o concepto de "sincronización" non ten sentido en SINSAL, temos a sorte de viaxar no mesmo barco e o entendemento entre nos é máximo e funcional. Cando chegamos ó estudio, encendemos as máquinas e poñemos a funcionar a grabadora DAT, despois de dúas hora, apagamos as máquinas e quedamos para outro día, nin siquiera falamos do que vai saindo, porque trátase dunha necesidade biolóxica votar música para fora, e todos sentimos o mesmo. O concepto principal de SINSAL é o disfrute da capacidade física da escoita, a explotación sin máis do sentido do oído, non son necesarias estruturas e ritmos para facer cancións. Estas grabacións pasan a Flexo e eles fan o mesmo.

4- O vosso "press-release" indica que o o traballo dos Sinsal contén igualmente uma vertente próxima de "estudos antropológicos do audio", com recolhas de som in location. O que é a "Materia de Identidad"?

Cando falamos de "materia de identidade", referímonos a necesidade persoal de arraigarse nos nosos orixes. Temos claro que para ser orixinais, e polo tanto, universais, temos que voltar os nosos orixes, e precisamente nestes orixes e donde tentamos recoller sons como si se trata dun traballo de campo. Galicia é un país cheo de sons galegos, e non son precisamente os sons das gaitas e dos aparellos dos agricultores ou das verbenas dos pobos, mestizaxes mal entendidos. Galicia é rica e montañas gastadas polo paso dos siglos e, na primeira recollida, acudimos ó Glaciar de Cenza, no sureste galego, alí construíron unha presa eléctrica a unha altitude de 1500 mts, nun val impresionante, a falda do Glaciar. Nesta presa prodúcese unha sinfonía que é casi imposible captar con micrófonos e o vento que ven do Glaciar ten moito que ver con elañ. Aínda estamos con este traballo neste momento e xa temos plantexada a segunda recollida, esta vez será debaixo dunha ponte moderne que corta pola metade a impresionante Ria de Pontevedra, os fiordos galegos.

5- Os espanhóis sempre foram pródigos na produção de electrónica de cariz mais experimental, como os casos de Esplendor Geométrico, Miguel A. Ruiz ou mesmo os La Fura del Baus. Sentem-se, de alguma forma, herdeiros dessa geração de músicos?

Esta claro que hai unha xeración nova na produción de música experimental en España, Esplendor Xeométrico, Miguel A. Ruiz e La Fura pertencen a outra xeración, non viviron na xuventude a explosión do 88 e da nova linguaxe musical, aínda que souperon adaptarse perfectamente. SINSAL pertence a xeración Rave, por definila dalgunha maneira, e atopouse máis tarde co mundo da música Contemporánea, Electroacústica e correntes similares. Neste momento en España interésannos teóricos e músicos como Francisco López, José Antonio Sarmiento (o profesor da aula de audio da Facultade de Belas Artes de Cuenca, responsable da revista sonora RAS e do encontro SITUACIONES), José Iges (ARSONAL. ARS-SONORA) e na Galicia Silvia Argüelles ou Berio Molina Quiroga. Por outro lado, estamos máis preto de festivais como Zeppeling (Barcelona), Observatory (Valencia) ou SITUACIONES (Cuenca), que do populista SONAR, aínda que este último é imprescindible e moi respectable.

6- Os Sinsal já estiveram no Norte de Portugal por mais de uma vez. Acreditas que o Eixo Atlântico pode ser mais do que uma mera ligação económica, desenvolvendo-se uma política de proximidade cultural, tanto ao nível popular como das novas tendências contemporâneas?

Os galegos temos moito en común cos nosos veciños portugueses, e sobre todo co Norte. Nos temos a sorte de contar cunha cidade como Porto a menos de dúas horas de viaxe, e gracias a este feito, fómonos integrando pouco a pouco nesta fantástica cidade. Neste momento a relación é fluida e productiva, a proba é que a nosa tenda asociouse a Materia Prima de Porto, non so na venda de música, tamén na programación de concertos no Clube (Vademecwm). Materia Prima, e polo tanto Paulo Vinhas, impulsa a escea musical cunha forza increíble, moi preto de mecenazgo (mecenaz), un traballo que nos apreciamos con moito respecto e admiración

Nuno da Silva (revista mare/portugal)